



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

*Acordo da Xunta de Goberno do 20 de outubro de 2023 de aprobación das Bases reguladoras de subvencións dirixida ás asociacións, federacións e agrupacións de asociación de cazadores da provincia da Coruña para actividades (FO028ABIS 2024)*

##### ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de Goberno da sesión celebrada o 20 de outubro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido ás asociacións, federacións e agrupacións de asociación de cazadores da provincia da Coruña para actividades 2024. As ditas bases reguladoras aprobadas son as que se transcriben de seguido:

#### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ASOCIACIÓNS, FEDERACIÓNS E AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADES 2024.**

##### Datos do programa

|                                           |                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Unidade xestora                           | Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego                                                                                    |
| Sección                                   | Sección de Promoción Económica e Emprego                                                                                             |
| Anualidade                                | 2024                                                                                                                                 |
| Denominación                              | PROGRAMA DIRIXIDO ÁS ASOCIACIÓNS, FEDERACIÓNS E AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADES 2024 |
| Beneficiarios                             | Entidades da provincia sen ánimo de lucro                                                                                            |
| Programa                                  | FO028A/BIS                                                                                                                           |
| Aplicación orzamentaria                   | 0510/414.1/481                                                                                                                       |
| Importe da convocatoria                   | 100.000,00€                                                                                                                          |
| Importe da orzamento de gastos            | Mínimo .....5.000€<br>Máximo .....10.000€                                                                                            |
| Importe da subvención que se vai conceder | Mínimo .....1.000€<br>Máximo .....8.000€                                                                                             |
| Importe solicitado                        | Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables                                                                                 |
| Coeficiente de financiamento              | Variable entre 0,20 e 0,80                                                                                                           |
| Gasto anticipado                          | Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais                                                       |

##### Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

##### 1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 (BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023).

##### 2.-BASES ESPECÍFICAS

##### Base 1.- Obxetivos e réxime xurídico específico

##### 1.1.-Obxectivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades

privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

No ano 2024, no contexto dunha realidade social, económica e cultural derivada da situación de desaceleración da economía mundial, como consecuencia de múltiples crises ás que se enfrenta (transición enerxética dirixida a eliminación dos combustibles fósiles, as forzas do cambio climático...os conflitos en solo europeo.. as ameazas derivadas das novas variantes do COVID 19,..etc), a área de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector Económico e turístico en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego, mantemento de estruturas profesionais e creativas, á recuperación e valoracións dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola, gandeiro e forestal.

**1.2.- Réxime xurídico específico**

Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

**Base 2.- Obxecto**

**2.1.-Obxecto**

O obxecto desta convocatoria son:

**Accións tendentes a apoiar ás asociacións, federacións e agrupacións de asociacións de cazadores en proxectos destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola, gandeiro e forestal que teñan como obxecto:**

- Os debroces, sementeiras vexetais, seguros e gardería do TECOR

Máis concretamente, as axudas poderanse referir, entre outras, ás seguintes materias:

Desbroces, sementeiras, rozas mecánicas e podas .

**Ámbito temporal**

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

**Base 3.- Gastos subvencionables**

**Gastos subvencionables no programa F0028A/BIS 2024:**

| CONTA | DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL                                                                                                                                    |
|-------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 600   | Compra de bens destinados á actividade (material non inventariable (semillas, pesticidas legalmente autorizados)                                                          |
| 607   | Traballos realizados por outras empresas (que sexan indispensables para a realización da actividade), directamente relacionados con desbroces, sementeiras, rozas e podas |
| 625   | Seguros TECOR (Terreo Cinexeticamente Ordenado)                                                                                                                           |

**3.1.- Gastos excluídos:**

- Os gastos de manutención, aloxamento e atencións protocolarias
- As viaxes de ocio, premios, axudas de custo e gastos de quilometraxe
- Os gastos de contratación de persoal propio da entidade
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LXS)
- A realización de estudos
- Os gastos de funcionamento da entidade.
- Os gastos referidos a actividades que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria
- Os gastos de publicidade, propaganda e relacións públicas, o mantemento de páxinas web

**Base 4.- Compatibilidades e exclusións**

As subvencións deste programa son **compatibles con outras subvencións**, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, **procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais**

**Base 5.- Entidades solicitantes**

A presente convocatoria vai dirixida ás **asociacións, federacións e agrupacións de asociación de cazadores**, da provincia da provincia da Coruña con domicilio fiscal na provincia da Coruña, ou que acrediten que as actividades obxecto da sub-

vención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

**Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade.** Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

#### Entidades excluídas:

- **As entidades asociativas agrarias, labregas e forestais, as comunidades de montes,** as asociacións de vecinos e mulleres rurais, as entidades de natureza profesional, tanto asociacións como federacións de asociación de carácter comercial e empresarial, e as asociacións culturais e deportivas.
- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

#### Base 6.- Compromisos e obrigas específicas

6.1.- As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”.

6.2.- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

6.3.- As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

6.4.- As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

#### Base 7.- Valoración das solicitudes e concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, e segundo o procedemento **Concesión provisional/definitiva** previsto na Bases das xerais.

**Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica,** que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción da económica obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta **comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.**

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria. A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. **Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.**

#### 7.1.- CONCEPTOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Coeficiente de financiamento derivado da solicitude                                                                                                                                                                                                                                                                | Ata 35 puntos |
| Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades                                                                                                                                                                                                                                                 | Ata 25 puntos |
| Emprego da lingua galega na realización das actividades                                                                                                                                                                                                                                                            | Ata 5 puntos  |
| A colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro da provincia na realización da actividade                                                                                                                                                                                                                   | Ata 10 puntos |
| <b>Interese da proposta presentada:</b><br>Valorarase por una comisión técnica, que será designada por resolución da presidencia, tendo en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A calidade e solvencia técnica da proposta</li> <li>- O impacto da actividade no medio</li> </ul> | Ata 25 puntos |

**Base 8.- Prazo de xustificación**

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2025 , ás **14:00 horas**.

**Disposición adicional primeira**

A presentación dunha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

**Disposición adicional segunda**

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementarias e xurídicas de aplicación.

**Disposición final**

As presentes bases están condicionadas á aprobación definitiva do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2024. En consecuencia non poderá adoptarse acto ou acordo que implique directa ou indirectamente a concesión da subvención, nin polo tanto o compromiso ou disposición do gasto, ata que non se acredite a aprobación do dito Plan Estratéxico de Subvencións.

**3.-ANEXO DOCUMENTACIÓN****ANEXO I.-Documentación da solicitude.****Documentación xeral**

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación
- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.
- No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- No caso de asociacións, certificación do número de socios/as da entidade.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autoriceexpresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto

**Documentación específica:**

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- Memoria das actividades a subvencionar
- Importe da subvención e orzamento

Os documentos que se citan a continuación deberán conter a seguinte información:

- **MEMORIA DAS ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR**

As entidades solicitantes presentarán unha **memoria explicativa da actividade para a que se solicita subvención**:

- **Características e interese do desenvolvemento económico**

- Nome do proxecto e relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver e para as que se solicita subvención.
- Obxectivos que se perseguen.
- Calendario das actividades.

- **Destinatarios e impacto socioeconómico no medio**

- Colectivos e persoas destinatarias.
- Descrición do labor de colaboración da entidade solicitante con outras entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento das actividades para as que se solicita subvención. Indicarase como se concreta a colaboración en cada caso.
- Explicación da natureza e impacto socioeconómico das actividades (número de persoas asistentes ou participantes, traballo con colectivos de especial interese social e económico, etc).

• **IMPORTE DA SUBVENCIÓN E ORZAMENTO**

A entidades solicitantes presentarán neste apartado:

- O orzamento estimado dos gastos derivados da realización da actividade, desagregado por conceptos.
- O importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- Unha declaración doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto

**ANEXO II.-Documentación da xustificación**

**Documentación xeral**

- Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

(A certificación dos gastos realizados deberá xerarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto).

- Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
- Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes
- A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autoriceexpresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento
- Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria, achegando unha proba documental ao respecto.

- No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € ( IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.

**Documentación específica**

- Memoria das actividades realizadas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvoltras, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos...
- Declaración da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

A Coruña, 23 de outubro de 2023

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/8387